

## INDICACIÓNS PARA OS PUBLICISTAS

- Tedes que elaborar unha presentación que informe sobre o contido que deben ter as etiquetas dos produtos. Asemade deberedes elaborar as etiquetas de dous produtos ás que lles falte algún dato importante. Estas serán incluídas na presentación final.
- Primeiro revisade todas as ligazóns que se vos propoñen no apartado de "Proceso", tomando as notas pertinentes. No pdf de resumo de normas de etiquetado tedes suficiente material para elaborar a tarefa.
- Usade a ficha modelo para reflectir a composición que deben ter as etiquetas. Os cadros son orientativos, podedes modificalos se o considerades oportuno.
- Podedes ilustrar o folleto informativo con imaxes que complementen a información textual.
- Se o credes preciso, ampliade información con outros recursos de internet, biblioteca, ...
- Unha vez que acabades de tomar as notas pertinentes, elaborade o documento final de "Presentación" usando unha redacción orixinal, non vale "cortar e pegar".
- Para rematar, reunídevos cos outros membros do grupo para completar co voso traballo a presentación final que hai que realizar.